

**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Departamento de Educación

OBRADOIROS DE VERÁN 2015 NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE CONXO, AS FONTIÑAS E MEIXONFRÍO-SALGUEIRIÑOS

CARACTERÍSTICAS

DESTINATARIOS: Nenos e nenas empadroados no Concello de Santiago de Compostela que cursen os seus estudos (2º ciclo de educación infantil) en centros de educación infantil e primaria, con idades comprendidas entre os 3 e os 6 anos (2º ciclo de educación infantil).

DATAS DE REALIZACIÓN

Os obradoiros desenvolveranse durante o período de vacacións escolares de verán: mes de xuño (días 22, 23, 25, 26, 29 e 30), xullo (do 1 ao 31, agás sábados, domingos e festivos), agosto (do 1 ao 31, agás sábados, domingos e festivos) e setembro (dende o día 1 ata o comezo do curso escolar 2015-2016) coas seguintes modalidades a escoller polos interesados:

Xuño. 6 días soltos.

Xullo: mes completo ou días soltos

Agosto: mes completo ou días soltos

Setembro: días soltos

O horario dos obradoiros de verán serán das 10 ás 14 horas; ofrécese a posibilidade de que as familias podan solicitar ademais un servizo de almorzo (de 9 a 10 horas), un servizo de comedor (de 14 a 15 horas) e horas a maiores (entre as 7.30 h. e as 10 h. e entre as 14 h. e as 16 h.).

NÚMERO DE PRAZAS: o número total de prazas é de 45, distribuídas 15 prazas para cada escola:

- Escola Infantil Municipal de Conxo: 15 prazas
- Escola Infantil Municipal das Fontiñas: 15 prazas
- Escola Infantil Municipal de Meixonfrío-Salgueiriños: 15 prazas

LUGAR DE EXECUCIÓN: os obradoiros desenvolveranse nas propias escolas infantís de Conxo, As Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños. Agás no mes de agosto, que será na Escola Infantil Municipal de Conxo.

OBXECTIVOS

Facilitar a conciliación da vida familiar e laboral, ofrecendo aos nenos e nenas unha alternativa de lecer e tempo libre, desenvolvendo valores de cooperación, respecto e tolerancia.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Que os nenos/as se sensibilicen de forma divertida con diferentes disciplinas artísticas.
- Fomentar a curiosidade, as gañas de aprender e de descubrir novas aventuras.
- Desenvolver a autonomía persoal no día a día.
- Dar a coñecer diferentes actividades lúdicas de lecer e tempo libre.
- Promover actividades que favorezan o traballo en equipo e a creatividade.
- Fomentar o compañeirismo e a tolerancia a través de actividades de traballo en equipo.
- Coñecer o entorno que nos rodea.




E.I.M. das Fontiñas

**E.I.M. de Meixonfrío
Salgueiriños**

E.I.M. de Conxo





CONCELLO DE SANTIAGO

Departamento de Educación

TIPO DE OBRADOIROS

O programa contará con diferentes obradoiros de acordo coa proposta presentada por cada escola.

TARIFAS

SERVIZOS	HORARIOS	TAXAS	
		MENSUAIS	DÍAS SOLTOS
ALMORZO	9.00 h ás 10.00 h	30 €	2,00 €
OBRADOIROS	10.00 h. ás 14.00 h.	125 €	12,00 €
COMEDOR	14.00 h. ás 15.00 h.	75 €	5,00 €
HORAS SOLTAS	Fóra do horario de 10.00 h ás 14.00 h.	15 €	3,00 €

Os servizos complementarios e os seus prezos foron aprobados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela do 15-11-2004 (punto 54 da Orde do día, denominado proposta da concelleira delegada de Educación e Mocidade relativa á autorización de novos servizos na Escola infantil de Conxo).

SOLICITUDE DE OBRADOIROS

- As admisións realizaranse por **rigorosa orde de entrada no Rexistro municipal** ata cubrir as prazas dispoñibles en cada escola. Os nenos e nenas que están matriculados nos obradoiros que se desenvolven ao longo deste curso escolar terán acceso directo.
- Os solicitantes terán que cubrir a solicitude e entregala no Rexistro Xeral do Concello de Santiago (Rúa Presidente Salvador Allende, 4) ou no rexistro auxiliar do Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal o Ensanche (Rúa de Frei Rosendo Salvado 14-16).
- O impreso de solicitude estará dispoñible, xunto coa información complementaria, nas escolas infantís, no Departamento de Educación do Concello de Santiago e na páxina web municipal www.santiagodecompostela.org



E.I.M. das Fontiñas

E.I.M. de Meixonfrío
Salgueiriños

E.IM. de Conxo

